

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 16 DE OUTUBRO

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00043792G.

Aprobación de actas das sesións anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións da Xunta de Goberno Local:

- Extraordinaria e urxente de data 27 de setembro de 2023, e
- Extraordinaria e urxente de data 29 de setembro de 2023.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00029859D.

Licenza para a remodelación interior da vivenda sita na rúa do Preguntoiro, 28 3ºB.

Concédesse a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Carlos Romero Lage presentado o 05/07/2023, cun orzamento de execución material de 24.370,00 €, a remodelación interior da vivenda sita na rúa do Preguntoiro, 28 3ºB Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2020/00002315N.

Rectificar acordo de Xunta de Goberno Local do 18/07/2022 de licenza de segregación na rúa Ponte de Sar, 32-34.

Corríxense dous erros cometidos ao detallar a superficie das denominadas “parcela de resultado 1” e “parcela de resultado 2”.

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/887/2020.

Licenza para reforma de vivenda para a segregación en tres vivendas no edificio sito na Rúa de Montero Ríos, 29- 5º e 6º

Outórgase licenza para reformar a vivenda existente, a resultas da cal se crearán tres vivendas. Solo urbano consolidado. Ordenanza 1 – Ensanche.

5. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2023/00042842C.

Licenza para reforma de piso na rúa das Hortas, 45 baixo.

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico redactado polo arquitecto Miguel Rey Vázquez presentado o 23/05/2023 e a documentación técnica presentada o 11/09/2023, cun orzamento de execución material de 26.449,44 €, a reforma de piso sito na rúa das Hortas, 45 baixo Santiago de Compostela (A Coruña).

6. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2021/00048789H.

Execución de sentenza núm. 86/2023, do 23 de febreiro, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (EJD 32/2023 – PO 315/2020)

A sentenza 86/2023 do TSXG condena ao Concello a reintegrar o aval bancario (BBVA) de 507.099,86 € prestado para responder da urbanización do SUNP-31 (San Marcos), así como os xuros.

Antes de ditarse a sentenza citada, a XGL acordara o 20.01.2020 reintegrar 144.561,43 € do aval, retendo o resto como garantía da execución das obras de

urbanización pendentes de executar.

O demandante instou a execución forzosa da sentenza, acordada por Auto do 05.10.2023, polo que se acorda reintegrar a cantidade que resta do aval (362.538,43 €). Os xuros devindicados desde a firmeza da sentenza (05.10.2023) calcularanse unha vez efectuado o pago anterior.

7. COMERCIO. Referencia: 2023/00029800L.

Corrección de erro material na cláusula cuarta do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de Artesáns e comerciantes Ourives de Compostela para a creación e promoción da marca de produto “Ourives de Compostela”

Rectifícase o erro material existente na cláusula 4ª do convenio, no que se fixaba como data última das actividades subvencionables o 9 de outubro de 2023, cando debía ser o 20 de outubro de 2023

8. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00028429M.

Validación da omisión da función interventora e autorización, disposición e recoñecemento da obriga e liquidación dos gastos, por un importe de 395.290,88€, correspondentes aos pagos a conta á empresa “TRALUSA” pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros do mes de xuño de 2023.

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente ó mes de xuño de 2023.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe de trescentos noventa e cinco mil douscentos noventa euros con oitenta e oito céntimos (395.290,88€.) a prol de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap. S.A., UTE Lei 18/1982” (U7003297-4), con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitalos.

9. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00041903R.

Informe omisión da función interventora: 2023 1293 Informe OFI Talleres Electromagnéticos de Pontevedra- TRUCKING xuño 2023 F-2023-359

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga de liquidación do gasto por importe de MIL SEISCENTOS TRINTA E OITO EUROS CON TRES CÉNTIMOS DE EURO (1638,03 euros), segundo relación contable relativa á factura F/2023/3590 expedida por Talleres Electrotécnicos de Pontevedra S.C. (TAELO)- (CIF/NIF F36049534) por importe total de 1638,03 euros en concepto servizo radiocomunicacións trunking Concello de Santiago xuño de 2023.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00059273X.

Adxudicación do contrato que ten por obxecto o Sistema de xestión integral da base de datos Oracle do Concello de Santiago de Compostela a ASAC COMUNICACIONES, SL por un importe de 100.980,00 € (IVE engadido).

Acórdase:

Primeiro: Excluir do procedemento de licitación de ANTÓN CAMPOS CONSULTORES, S.L e ALTIA por exceder na súa oferta os prezos máximos establecidos na cláusula 6 do PCAP para o soporte anual de licenzas ORACLE.

Segundo: Adxudicarlle a ASAC COMUNICACIONES, único licitador admitido neste procedemento de adxudicación, o contrato que ten por obxecto o Sistema de xestión integral da base de datos Oracle do Concello de Santiago de Compostela.

A proposición económica de ASAC COMUNICACIONES, SL, é de 100.980,00 euros, IVE excluído, e de 122.185,80 € cun IVE engadido de 21.205,80 €.

De acordo coa cláusula 19 do PCAP, désígnase como responsable do contrato o xefe do Servizo de Informática, Jesús Rodríguez Castro.

Terceiro: Comprometer un gasto por importe de 122.185,80 €.

O contrato ten por obxecto: a) a subministración de licenzas de uso da base de datos Oracle; b) a migración dos datos actuais ao novo centro de procesamento de datos (CPD) e; c) o mantemento e xestión da base de datos.

A duración do contrato é de 36 meses, repartidos nos anos 2023, 2024, 2025 e 2026.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00030955R.

Aprobación do expediente de contratación da subministración dun compresor de aire para o Servizo de Extinción de Incendios cun orzamento base de licitación de 56.265,00 €.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación da subministración dun compresor de aire do Servizo de Extinción de Incendios do Concello de Santiago de Compostela (SEIS), cun orzamento base de licitación de 56.265,00 € (base impositiva de 46.500,00 € máis IVE do 21% de 9.765,00 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, de acordo co artigo 159 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 56.265,00 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 070 13600 6330000.

O compresor úsase para recargar as bombonas de osíxeno que empregan nas intervencións.

O prazo máximo para realizar a subministración é de 30 semanas, contadas desde a sinatura do contrato.

12. SERVICIOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00017697Z.

Aprobación da xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de Xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais, e o recoñecemento da obriga pola contía de TRES MIL CINCOCENTOS EUROS (3.500,00 €)

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais para o ano 2023 e o recoñecemento da obriga, pola contía de tres mil cincocentos euros (3.500,00 €) con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800003/2023 segundo Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023.

13. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00024848N.

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de Xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA) para o ano 2023 e o recoñecemento da obriga, pola contía de TRES MIL EUROS (3.000,00 €)

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 21 de xullo de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a ASOCIACIÓN GALEGA PARA AXUDA DOS ENFERMOS CON DEMENCIA TIPO ALZHEIMER (AGADEA) para o ano 2023 e o recoñecemento da obriga, pola contía de TRES MIL EUROS (3.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800009 reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33).

14. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00030938F.

Acordar a solicitude á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia dunha subvención ao abeiro dos artigos 4 e 5 da Orde do 6 de setembro de 2023 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a Entidades Locais para programas de emerxencia social e inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, para os anos 2023 a 2025, solicitando a cantidade de 419.061,00€.

Solicítase unha axuda de 419.061,00 €, que se destinará ao financiamento de diversos gastos dos seguintes programas:

- a) Programa dirixido ao desenvolvemento integral do colectivo xitano: solicítanse 59.040,00 € para o financiamento parcial dos custos laborais de dous/dúas traballadores/as sociais.
- b) Programa dirixido á inclusión social de colectivos en risco de exclusión social: solicítanse 74.087,00 € para o financiamento parcial dos custos laborais dunha psicóloga e dunha axente de desenvolvemento local.
- c) Programa dirixido á inclusión social dos menores a cargo: solicítanse 68.388,00 € para o financiamento parcial dos custos laborais de dúas educadoras sociais/familiares.
- d) Programa de apoio á inclusión de persoas sen fogar: solicítanse 79.786,00 € para o financiamento parcial dos custos laborais dunha traballadora social.
- e) Programa de apoio á inclusión residencial: solicítanse 79.786,00 € para o financiamento parcial dos custos laborais dunha educadora social/familiar.
- f) Programa VITRASAN (Vivendas de transición en Santiago de Compostela): solicítanse 57.974,00 € para o financiamento parcial dos custos laborais de contratación dun/ha traballador/a social.

15. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00025456E.

Aprobación da xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 de Agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres de Personas con Transtorno del Espectro Autista (TEA) de la provincia de A Coruña (ASPANAES) para o ano 2023 e o recoñecemento da obriga, pola contía de tres mil euros (3.000,00 €).

Apróbase a xustificación do convenio de colaboración asinado o 11 de agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Padres de Personas con Transtorno del Espectro Autista (TEA) de la provincia de A Coruña (ASPANAES) para o ano 2023 e o recoñecemento da obriga, pola contía de tres mil euros (3.000,00 €).

€), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800011 segundo Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023

16. DEPORTES. Referencia: 2023/00014516F.

Xustificación parcial do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Santiago e o Club Sociedade Deportiva Compostela (CIF-G70000385) para o ano 2023.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar a xustificación parcial correspondente ao 1º semestre do ano 2023 presentada polo CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA do convenio de colaboración asinado co Concello, ano 2023, sendo a cantidade a abonar de 44.000 €, imputándose dito gasto á aplicación orzamentaria 090 34100 4890018.

Segundo: Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do CLUB SOCIEDADE DEPORTIVA COMPOSTELA por importe de 44.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4890018.

17. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2023/00042750C.

Solicitud e á Deputación Provincial da Coruña dunha subvención nominativa para financiar as actividades dos centros socioculturais de ámbito rural durante o ano 2023 baixo un convenio.

Apróbase a solicitude de subvención para as actividades socioculturais de ámbito rural por un importe de 90.000 €, dun total de 150.000 € de gasto a xustificar por parte do Concello, correspondendo a un coeficiente de financiamento do 60 %.

18. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2023/00042597M.

Aprobación da solicitude de subvención para o sostemento do centro sociocultural do Ensanche por un importe de 130.000 euros.

Apróbase a solicitude de subvención para o sostemento do centro sociocultural do Ensanche por un importe de 130.000 € dun total de 230.000,18 € de gastos a xustificar por parte do Concello, correspondendo a un coeficiente de financiamento do 56,52 %.

19. EMPREGO. Referencia: 2023/00031407Q.

Tomar coñecemento da sinatura do convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

Acórdase tomar conta da sinatura do convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), para levar a cabo un proxecto de actividades para persoas con discapacidade na anualidade 2023, por importe de 15.000 euros.

20. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00043611F.

Tomar coñecemento da sentenza da apelación 4031/2023 TSXG (PO 335/2019 CA1).

Sentenza nº 232/2023

AP 4031/2023 TSX, PO 335/2019 CA1

Obxecto: licenza para rehabilitación do inmovible sito en Rúa Entrepexegos.

SENTIDO DA SENTENZA

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en casación.

PROCEDENCIA OU NON DO RECURSO

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de casación. Por dilixencia de

ordenación do 04.10.2023 declárase a súa firmeza.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00043624C.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PO 333/2022 CA2

Resolución: Sentenza 100/2023, do 10.07.2023, do Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela

Procedemento: PO 333/2022

Obxecto: Decreto núm. 2022/6262 da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural, de data 31.05.2022, polo que se rexeitan as alegacións presentadas no expediente de reposición da legalidade urbanística nº 2022/00011905E, ao desenvolverse unha actividade turística unha vivenda sen título habilitante, sendo esta actividade ilegal e ilegalizable

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

A resolución é favorable aos intereses municipais, ao desestimar na súa totalidade o recurso contencioso-administrativo.

PROCEDENCIA OU NON DO RECURSO

A sentenza, que era susceptible de recurso de apelación, deveu firme ao non ser recorrida pola parte demandante.

A firmeza declarouse pola dilixencia de ordenación de data 13.09.2023.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Disciplina (Dirección de Área de Urbanismo) para o seu coñecemento

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00041553L.

Tomar coñecemento da sentenza núm. 118/2023 recaída no Procedemento Abreviado 333/2021 CA1.

PA 333/2021

Obxecto: Contra desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vehículo por impacto de valo de regulación de tráfico

Contía: 985,06 EUROS

Dáse conta da sentenza 118/2023 Sentenza do 18.09 2023 do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela.

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais, pois estima o recurso e recoñece o dereito dos actores a seren indemnizados na contía de 985,06 euros e intereses legais dende a data da reclamación.

As custas impóñense ao Concello

RECURSOS:

Contra dita sentenza non cabe interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Dar traslado da sentenza ditada ao departamento de Vicesecretaría para os efectos do seu cumprimento.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00041554C.

Tomar coñecemento da sentenza número 119/2023 do Procedemento Abreviado

335/2021 CA1.

PA 335/2021 CA1

Obxecto: Contra inadmisión de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vehículo por impacto cun peche de parcela que invade vía pública

Contía solicitada: 724,27 EUROS

Dáse conta da sentenza 119/2023 do 18.09 2023 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela.

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais, pois estima o recurso e recoñece o dereito da actora a ser indemnizada na contía reclamada xunto cos intereses legais dende a data da reclamación.

As custas impóñense ao Concello.

RECURSOS:

Contra dita sentenza -declarada firme na dilixencia de ordenación do 6.10.2023- non cabe interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Dar traslado da sentenza ditada ao departamento de Vicesecretaría para os efectos do seu cumprimento.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00042054Z.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PA 388/2021 CA1

PA 388/2021

Obxecto: Contra desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos en vehículo por impacto cun árbore caída na vía

Contía solicitada: 2.028 euros.

Dáse conta da sentenza 116/2023 Sentenza do 18.09 2023 do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

A sentenza é parcialmente favorable aos intereses municipais, pois estima o recurso e recoñece o dereito do actor indemnizado na contía a 1.506 euros -no canto da solicitada na demanda de 2.028 euros- xunto cos intereses legais dende a data da reclamación.

As custas impóñense ao Concello cun máximo de 400 euros

RECURSOS:

Contra dita sentenza non cabe interpoñer recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza
2. Dar traslado da sentenza ditada ao departamento de Vicesecretaría para os efectos do seu cumprimento

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00043042J.

Tomar coñecemento de resolución xudicial recaída no PO 220/2023 Social 3

Procedemento: PROCEDIMENTO ORDINARIO 220/2023

Obxecto: Desestimación reclamación sobre paga de produtividade correspondente ao mes de xaneiro de 2023

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

Dáse conta da Dilixencia de ordenación do 07 de setembro de 2023, que acorda ter por desistida á demandante e acorda o sobreseemento e arquivo do procedemento, logo da súa firmeza

RECURSOS:

Na dilixencia de ordenación do 27.9.2023 declárase firme o citado Auto polo que contra el non cabe recurso ningún agás o de reposición, que en todo caso non ten efectos suspensivos.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do decreto de desistimento.
2. Remitilo ao Departamento de persoal para os efectos do seu coñecemento.

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00043145R.

Tomar coñecemento do Decreto núm. 52/2023 recaído no PO 124/2023 CA2

Resolución: Decreto nº 52/2023 do 19.09.2023

Procedemento: Procedemento Ordinario 124/2023 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2

Obxecto: Contra resolución do 23.01.2023 ditada en expediente de reposición á legalidade relativo a vivenda de uso turístico

SENTIDO DA RESOLUCIÓN

O Auto ten por desistida á demandante e declara a terminación do procedemento.

PROCEDENCIA OU NON DO RECURSO

Non cabe recurso xa que na dilixencia de ordenación do 4.10.2023 ven de declararse a súa firmeza.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitila ao Departamento urbanismo- disciplina para os efectos do seu coñecemento.

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00043696T.

Tomar coñecemento da Decreto de desistimento recaído no procedemento PO 335/2022 CA2

Decreto 057/2023

PO 335/2022 CA2

Obxecto: declaración de ilegalidade e orde de cese de actividade de piso turístico.

SENTIDO DO DECRETO

O decreto é favorable para o Concello, ao ter por desistida á parte recorrente, declarando terminado o procedemento, sen imposición de custas.

PROCEDENCIA OU NON DO RECURSO

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de reposición.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento do decreto.
2. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

28. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00043792G.

Tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas

Tómase coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas ditadas do 6 ao 12 de outubro do 2023.

URXENCIAS

- Aprobación da convocatoria e bases para a asignación de postos no Mercado de Nadal.

Apróbanse as bases da convocatoria para participar no Mercado de Nadal de Santiago

de Compostela 2023/2024

- Tomar coñecemento da sinatura de sete convenios de colaboración do ámbito da Concellería de Cultura.

Tómase coñecemento da sinatura dos seguintes convenios:

Agrupación cultural O Galo: 5.000 euros

Ateneo de Santiago: 20.000 euros

Asociación Cultural Rocha Forte: 5.000 euros

Asociación do conservatorio de música tradicional e Folque de Lalín: 20.000 euros

Asociación cultural Cidade Vella: 20.000 euros

Cursos universitarios e internacionais de música en Compostela: 5.000 euros

Performa Sociedade Cooperativa Galega: 50.000 euros.